

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORDES

Corrección de erro no anuncio publicado no BOP n.º 94, de data 21.5.2019: publicidade de bases e convocatoria de selección de persoal laboral temporal de socorristas da piscina municipal descuberta "O Muíño"

Advertido un erro no anuncio publicado no BOP n.º 94, de data 21/05/2019: publicidade de bases e convocatoria de selección de persoal laboral temporal de socorristas da piscina municipal descuberta "O Muíño"

A base reguladora da ADMISIÓN DOS ASPIRANTES quedará regulada da forma seguinte:

"Ata o día 30 de maio de 2019, os aspirantes que desexen participar nesta convocatoria presentarán unha solicitude no Rexistro Xeneral do Concello, de 9.00 a 14.00 horas (de luns a venres) ou en calquera das formas previstas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Tamén poderán presentarse a través da sé electrónica do Concello (<https://sede.concellodeordes.com/gl/>). Axustaranse ao modelo contido no Anexo I das presentes Bases, deberá ir acompañada dos documentos seguintes.

- Fotocopia do DNI ou documento que o substitúa.
- Copia compulsada da formación mínima esixida.
- Copia compulsada inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Copia compulsada do certificado de coñecemento de lingua galega.
- Certificado médico.

Datas:

- 03/06/2019, publicación da lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, si é o caso, das causas de exclusión.
- 05/06/2019 (data límite), presentación das alegacións e documentos que se estimen pertinentes.
- 06/06/2019, publicación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

As resolucións aprobando as listas provisional e definitiva publicaranse no taboleiro de anuncios e web municipal do Concello".

Ordes, 21 de maio de 2019.

O alcalde-presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

2019/4043